

aulas abertas

CEIP PLURILINGÜE PROFESOR ALBINO NUÑEZ



Dinâmicos na aula e na tele

O CEIP Plurilingüe Albino Núñez vai más aló do exclusivamente formativo e presta servizos complementarios para favorecer a conciliación da vida laboral e familiar

Esta semana, visita o espazo de Telemiño, "Xornal Escolar", o Ceip Plurilingüe Albino Núñez. Este programa permite-nos coñecer de cerca este centro e ao seu director.

O director do centro, Xose Rodríguez Iglesias, é o atrevido concursante que se someteu ás preguntas e acertixos que os alumnos do colexo prepararon con anterioridade.


O director manifestou a importancia do comedor escolar, está considerado un recurso educativo, no que este ano destacan as 4s (silencioso, sofrinte, solidario e sandable), un comedor no que se trata de educar é unha clase máis, non só é comer.

Os alumnos de 4º e 5º de primaria foron os que representaron ao colexo, grandes profesionais da comunicación e moi responsables nas tarefas encorridas.

Africa Franco, Melisa Rodríguez e Marcos Fernández foron os co-presentadore de este espazo, xunto con Conchi Pérez, exerceron con ilusión a tarefa de presentar este espazo de moda entre os escolares da provincia de Ourense.

Convidamos a tódolos lectores a visitar a páxina web do Ceip Plurilingüe Albino Núñez que diariamente mostra a variedade de actividades realizadas.

FICHA	
ALBINO NUÑEZ	Colexio:
	C.E.I.P. Albino Núñez
	Oferta educativa: Infantil e Primaria
	Número de alumnos: 210
	Número de mestres: 22



aulas abertas

CEIP PLURILINGÜE PROFESOR ALBINO NUÑEZ



Gran variedade de actividades

O centro educativo de Casar do Mato convida a todos os alumnos a vivir aventuras na biblioteca escolar

Sara presentounos o seu centro educativo que se sitúa no barrio do Pino, o que más lle gusta é o patio porque hai zonas verdes para xogar. Lucía presentounos a clase de 1º de primaria, esta-

ban a facer educación física co seu mestre Miguel, sempre lle di que o deporte é moi saudable. Tamén nos ensinou o horto escolar. André e Iler ensinaronos a ciencia divertida na

que traballan os alumnos de 5 anos. Carolina foi a encargada de mostrarnos a biblioteca escolar e presentounos a mascota "Librin", podemos ver moitos libros, películas e ordenadores.



Lola presentounos a aula de 4º de primaria coa súa titora, estaban a ensaiar a actuación que realizarán no colexio no festival das letras Gallegas. As dúas clases de 6º estaban a traballar nos seus ordenadores moi concentrados. Tamén visitamos a clase de música onde vimos varias actuacións con grandes dotes artísticas. Os alumnos de 3º estaban na aula de informática traballando cos ordenadores.

PRESENTADORES POR UN DÍA

Un, dous, tres... gravando!

Marcos Fernández



Marcos é un alumno moi expresivo, simpático e divertido que mostrou unha gran naturalidade no plató de Telemundo.

África Franco



Amosou ser unha alumna moi alegre e activa, xunto cos seus compañeiros, realizou un fantástico papel de co-presentadora.

Melisa Rodríguez



Unha alumna moi expresiva e simpática que gozou moito desta experiencia televisiva.

O concursante da semana



Xosé Rodríguez Iglesias, director do Ceip Plurilingüe Profesor Albino Nuñez, foi o concursante do programa escolar "Xornal Escolar" de Telemundo. Aproveitou a ocasión para pedir un novo espazo para as clases de educación física no seu centro.

aulas abertas

CEIP PLURILINGÜE PROFESOR ALBINO NUÑEZ



Reivindicativos no plató

O Ceip Plurilingüe Profesor Albino Nuñez participou activamente no programa "Xornal Escolar" de Telemiño e aproveitaram para pedir novas instalacións para Educación Física



Alegria, illusión e os primeiros pasos na televisión é o que se levaron os co-presentadores do Ceip Albino

Nuñez, despois das gravacións realizadas para o programa Xornal Escolar de Telemiño.

O concurante desta semana é o director do centro, Xosé Rodríguez, que superou as probas que tiñan preparadas.

Cal é o español que se proclamou campión do mundo en partitaxe artística?

A verdade é que me sorprende esta pregunta, pensei que me preguntarian quén é o máximo goleador da liga. Gústa-

me que estes rapaces pensen en deportes minoritarios que son os que hai que fomentar, xa que teñen moito sacrificio. Creo que é Javier Fernández que con anterioridade fora subcampeón e agora conseguira o campeonato.

Edmo se chama o novo conselleiro de Educación?

Tenho que sabelo, ademais de director do centro son membro da xunta autonómica de directores.

Leva pouco tempo de conselleiro, sustituiu a Jesús Vázquez, que é realmente a alma máter desta legislatura, no que o ensino se refire. O conselleiro é Roman Rodríguez, de Lalín.

Leva pouco tempo de conselleiro, sustituiu a Jesús Vázquez, que é realmente a alma máter desta legislatura, no que o ensino se refire. O conselleiro é Roman Rodríguez, de Lalín.



"Temos un equipo humano moi bo e moi preparado, somos 22 profesores e todos facemos algo de todo"

Dous nomes galegos de deportistas importantes?

David Cal que ten moitas medallas e un referente no fútbol galego, Fran, do Deportivo da Coruña.

Que servizos complementarios ofertará o noso cole para o próximo curso?

Ademais dos que venen dada, que son os de comedor escolar e transporte escolar, temos unha gran variedade de actividades extraescolares e tamén esperamos ter para o próximo curso o servizo de aula climatizada, para que as familias poidan trazer aos seus fillos antes de comezar as clases.

aulas abertas

CEIP PLURILINGÜE PROFESOR ALBINO NUÑEZ

escolar

**Imos más aló, ao lado personal****O colexio, unha gran familia****"Prefiro a cocíña tradicional"**

A anpa está moi comprometida co centro, esta intentando facer moitas actividades, traballan moito. Unha sería a atención temperá e tamén falaron, pola tarde, dun servizo de gardería a partir das 16:15, ata que as familias veñan recoller aos alumnos usuarios do servizo. Está no aire, esperamos que se consiga para o próximo curso escolar.

Por que se dicidiu facer un horto no cole?

Foi para integrar o programa de saúde integral do Doctor Fuster, comezamos en educación infantil e o mesmo tempo é unha actividade complementaria para aprender no horto escolar.

Por que sempre temos que facer as clases de educación física sempre no patio

exterior incluso cando vai frío?

Hai dous razóns fundamentais: unha porque temos que compartir as instalacións con outro profesor de educación física. Normalmente os que estamos fora, somos os maiores e os pequenos están dentro e a outra razón é porque as instalacións son bastante deficientes, necesitamos un espazo cuberto, un ximnasio de urgencia para poder das as clases de educación física.

Hai unha pancarta na fachada dende hai catro anos para defender o ensino público de calidade para garantir a igualdade de oportunidades

Por que escollíches ser mestre de educación física e impartiou outras materias?

"Non é difícil ser director neste centro"

Impartín clases doutras materias cando comecei a ser mestre, pero levo dezaseis anos dando clases de educación física, sempre en uniforme, en chandal.

E moi difícil ser director?

Non é difícil ser director nes-

te centro tendo o gran equipo que temos. A secretaría e a xefa de estudios implicanse moito. A secretaría ten unha extra de traballo cos novos programas informáticos e tamén se encarga da páxina web. Tamén contamos cun equipo humano de profesores moi formados.

Gustache a cocíña? Serías capaz de facer un prato master chef?

Na miña casa cocíño eu moitas veces. A cocíña tradicional gústame moito.



MAIS EN TELEMINIÑO
Este serán, ás 19:50 horas
emitírseán integramente o
programa en Teleminíño.